

ACTA DO TRIBUNAL SELECCIONADOR DO CONCURSO-OPOSICIÓN PARA A ELABORACIÓN DUNHA LISTA PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO PARA POSIBLES NOMEAMENTOS POR SUBSTITUCIÓN DA PRAZA DE TRABALLADOR/A SOCIAL

SEGUNDO EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN

En San Sadurniño, a dezanove de febreiro de dous mil dezanove, sendo as nove horas e vinte minutos, reúnense novamente na Casa da Xuventude do Concello, baixo a presidencia do traballador social do Concello de Cerdido, Diego Rodríguez Piñón, designado pola Alcaldía, as seguintes persoas, funcionarias de carreira e integrantes do Tribunal que se constitúe para a elaboración dunha lista para a selección de persoal funcionario interino para posibles nomeamentos por substitución da praza de traballador/a social, segundo as Bases oportunamente aprobadas:

Presidente: Diego Rodríguez Piñón.

Vogais: María América Uceira Criado (Concello de A Capela) e María de la O Fresco Torrente (SERGAS).

Secretario: Miguel A. Arroyo Moreno, do Concello de San Sadurniño.

O Presidente declara constituído o Tribunal e, aberto o acto, procédese á supervisión e comprobación do exercicio proposto, confeccionado polos membros do Tribunal. Respecto deste exercicio, as Bases da convocatoria indican o seguinte:

"2º exercicio (30 puntos): consistirá en resolver no tempo máximo de 2 horas, un ou varios supostos prácticos relacionados coas materias do programa. A puntuación será de 0 a 30 puntos, sendo necesario para aprobar obter un mínimo de 15 puntos"

Sendo as nove horas e cincuenta minutos, comprobada a identidade das persoas presentadas para o segundo exercicio, iníciase a súa realización.

Ás once horas e cincuenta minutos, finalizado o exercicio, iníciase na Casa do Concello a súa valoración polo Tribunal, resultando a puntuación para cada unha das persoas aspirantes que superaron o primeiro exercicio que se indica na seguinte táboa:

Nome e apelidos	Puntuación 2º exercicio
LORENA BOUZA PIÑÓN	Non apta
TANIA MOURE EIRIZ	16
DAVID SAAVEDRA PINO	15
RAQUEL GARCIA ALVAREZ	Non apta
IRIA GONZALEZ FAFIAN	21
BEGOÑA MARTINEZ FERNANDEZ	Non apta
MONICA CANEDO JANEIRO	25
VIOLETA VAZQUEZ BARREIRO	20
Mª VICTORIA LOPEZ PERNAS	Non apta



Rematada a asignación de puntuacións do segundo exercicio, o Tribunal establece a puntuación total do proceso selectivo acadada polas persoas aspirantes que superaron os dous exercicios da fase de oposición, co resultado que se indica de seguido:

Nome e apelidos	Puntuación concurso	Puntuación 1º exercicio	Puntuación 2º exercicio	Puntuación total
TANIA MOURE EIRIZ	3,37	22,05	16	41,42
DAVID SAAVEDRA PINO	27,66	18,45	15	61,11
IRIA GONZALEZ FAFIAN	10,51	17,85	21	49,36
MONICA CANEDO JANEIRO	5,53	19,95	25	50,48
VIOLETA VAZQUEZ BARREIRO	2,70	19,05	20	41,75

En cumprimento do disposto na Base 8ª da convocatoria, sendo esta a última sesión deste Tribunal de selección, inclúese unha lista dos/das aspirantes que superaron os exercicios eliminatorios do proceso selectivo, ordeados pola puntuación total obtida no mesmo:

Número de orde	Nome e apelidos	Puntuación total
1	DAVID SAAVEDRA PINO	61,11
2	MONICA CANEDO JANEIRO	50,48
3	IRIA GONZALEZ FAFIAN	49,36
4	VIOLETA VAZQUEZ BARREIRO	41,75
5	TANIA MOURE EIRIZ	41,42

Procédese de seguido a respostar as alegacións formuladas por algunhas das aspirantes en relación cos méritos valorados na fase de concurso do presente proceso selectivo.

En canto á valoración de méritos, faise constar polo Tribunal que os criterios de valoración aplicados, segundo o indicado nas Bases da convocatoria, foron os seguintes:

- En canto á experiencia laboral, soamente se tomaron en consideración os periodos comprendidos na vida laboral e simultaneamente en contratos nos que se especifique suficientemente que a ocupación desempeñada era a de traballador/a social. Para o cómputo da duración dos contratos, aplicouse o indicado na Base 7ª, apartado a): *“un mes virá determinado pola acumulación de 30 días de traballo. Os servizos a tempo parcial serán valorados proporcionalmente”*.





San Sadurniño
www.sansadurnino.gal

O Casal, 16
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

- Polo referido a cursos de formación, só se valoraron os que o Tribunal considerou que tiñan relación *"coas funcións propias da praza obxecto da convocatoria (familia, menores, persoas maiores, discapacidade, inclusión/incorporación social, orientación laboral e emprego, inmigración, proxectos sociais, intervención nos Servizos Sociais de Atención Primaria/Comunitarios Básicos, linguaxe de signos, uso de aplicacións SIUSS ...)* e que foran convocados, impartidos ou homologados polas *Administracións Públicas ou Universidades.*", en aplicación do indicado nas Bases. Tampouco se valoraron os cursos *"inferiores a 20 horas lectivas e a participación e os diplomas relativos a xornadas, seminario, simposios e similares."*

Polo tanto, o Tribunal non valorou, tamén en estricto cumprimento das bases, as accións formativas organizadas por colexios profesionais, academias ou outros centros privados, nin tampouco os non relacionados de maneira directa co obxecto da convocatoria, como cursos de secretariado, informática en xeral, prevención de riscos ou similares.

Advertido un erro na puntuación contida nas Bases para os cursos valorados con 0,20 e 0,30 puntos, o Tribunal aplicou o criterio de que os cursos de 50 horas puntúan 0,20 puntos.

Polo referido ás alegacións presentadas polas solicitantes, procédese de seguido a dar resposta a cada unha delas, que se notificará persoalmente ás interesadas:

(...)

Finalmente, o Tribunal dispón a publicación dunha copia da presente acta no taboleiro de anuncios do Concello e na súa páxina web, en aplicación do establecido nas bases da convocatoria, con data de hoxe.

E non sendo outro o obxecto da presente xuntanza, dase por rematado o acto sendo as dezaseis horas e quince minutos, dispoñendo o Presidente do Tribunal que se redacte a presente acta, que asinan os seus membros, do que como Secretario certifico.

O PRESIDENTE,

AS VOGAIS,

O SECRETARIO,
